PROgaLIAM

PROGRAMA GALEGO DE ATENCIÓN DO INFARTO AGUDO DE MIOCARDIO CON ELEVACIÓN DO SEGMENTO ST



Edición bilingüe

XUNTA DE GALICIA

PROgaLIAM

PROGRAMA GALEGO DE ATENCION DO INFARTO AGUDO DE MIOCARDIO CON ELEVACIÓN DO SEGMENTO ST

Xunta de Galicia
Consellería de Sanidade
Sergas (Servizo Galego de Saúde)

Santiago de Compostela, 2006

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Sanidade

Sergas (Servizo Galego de Saúde)

Grupo redactor:

- Dr. Amaro Cendón, Antonio. C.H. Universitario de Santiago.
- Dr. Calvo Iglesias, Francisco. C.H. Universitario de Vigo.
- Dr. Castro Beiras, Alfonso. C.H. Universitario Juan Canalejo.
- Dra. Chayán Zas, Luisa. Médico coordinador 061.
- Dr. Gómez Fernández, J. Ramón. Subdirector Xeral Ordenación Asistencial.
- Dr. González Juanatey, Ramón. C.H. Universitario de Santiago.
- Dr. Íñiguez Romo, Andrés. Instituto Medicina Técnica (Medtec).
- Dra. López Crecente, Fernanda. Directora Coordinación Asistencial 061
- Dr. Puente Hernández, Jorge. Médico coordinador 061.
- Dr. Varela-Portas Mariño, Jacobo. Xefe da base medicalizada Coruña 061.
- Dr. Vázquez González, Nicolás. C.H. Universitario Juan Canalejo.

Deseño e maquetación:

Ofelmaga, s.l.

Telf.: 981 806 669

Impresión: Ofelmaga, s.l.

Dep. Legal:**C-2944/05**

ÍNDICE

PRESENTACIÓN ---- 7

PRÓLOGO ---- 9

CONSIDERACIÓNS PREVIAS ---- 11

CONTACTO CO SISTEMA SANITARIO ---- 17

ESTÁNDARES ---- 18

PUNTOS CRÍTICOS ---- 19

RESPECTO DO ACCESO ---- 19

RESPECTO DO DIAGNÓSTICO E TRATAMENTO ---- 19

ACCIÓNS ---- 21

DE COMUNICACIÓN ---- 21

VÍAS DE DIAGNÓSTICO E TRATAMENTO ---- 21

TRANSPORTE MEDICALIZADO ---- 21

REDES ASISTENCIAIS ---- 21

ORGANIZACIÓN DOS HOSPITAIS ---- 22

PROTOCOLO GALEGO DE ATENCIÓN DO INFARTO AGUDO DE MIOCARDIO CON ELEVACIÓN DO SEGMENTO ST (PROGALIAM) ---- 23

OBXECTIVO XERAL ---- 23

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS ---- 23

ANXIOPLASTIA PRIMARIA: PAPEL NO TRATAMENTO DO IAM CON ELEVACIÓN DO ST ---- 25

1.- INTRODUCIÓN ---- 25

2.- SITUACIÓN EN GALICIA ---- 29

3.- DEFINICIÓNS ---- 32

3.0.-CENTRO COORDINADOR ---- 32

3.1.- SERVIZO PRIMARIO ---- 32

3.2.- SERVIZO SECUNDARIO ---- 32

4.- ACTIVACIÓN DO PROTOCOLO ---------- 32
5.- INDICACIÓNS ---------- 33
6.- RETORNO---------- 35
7.- PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE COORDINACIÓN, ASISTENCIA E TRASLADO DO PACIENTE ÁS SALAS DE HEMODINÁMICA ---------- 36
8.- PROCEDEMENTO PARA O RETORNO DO PACIENTE AO HOSPITAL DE REFERENCIA---------- 44
9.- PROCEDEMENTO DE DESACTIVACIÓN ---------- 45
10.- ACTUALIZACIÓN ---------- 46
11.- DIFUSIÓN ---------- 46
12.- AVALIACIÓN---------- 47
13.- SISTEMAS DE INFORMACIÓN ---------- 47

BIBLIOGRAFÍA---------- 49

PRESENTACIÓN

As enfermidades cardiovasculares son a primeira causa de morte e hospitalización en España, provocando unhas 132.000 mortes ao ano, o que supón un 37% do total das mortes, e máis de cinco millóns de estancias hospitalarias ao ano.

Máis concretamente prodúcense en España uns 68.500 infartos de miocardio ao ano, dos que un 40% falece antes de chegar ao hospital.

Estas cifras son suficientemente elocuentes para que as autoridades sanitarias consideremos as enfermidades cardiovasculares, e máis concretamente a cardiopatía isquémica, como un dos principais problemas de saúde e así se recolle no Plan de Saúde de Galicia.

Para facer fronte a este problema debemos dirixir os nosos esforzos en varias direccións.

Respecto da prevención primaria, debemos esforzarnos en diminuír o consumo de tabaco, a obesidade e o sedentarismo, aumentando a porcentaxe de poboación que realiza actividade física de forma regular.

O sistema sanitario debe realizar unha detección precoz dos factores de risco cardiovascular, reducir a demora entre o inicio dos síntomas e o contacto co sistema sanitario e realizar un tratamento adecuado.

Este tratamento adecuado pasa polo traballo en rede asistencial, rede constituída por múltiples unidades do sistema sanitario galego, o 061, os Puntos de Atención Continuada en atención primaria, as unidades de hemodinámica e as unidades coronarias dos hospitais.

Sen dúbida o traballo coordinado de todas estas unidades é o mellor sistema para facer fronte a este problema de saúde en Galicia.

María José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

PRÓLOGO

O infarto agudo de miocardio (IAM) é unha situación de verdadeira urxencia na que o tempo entre o inicio dos síntomas e o diagnóstico e tratamento é clave. O acurtamento de tempo entre o inicio dos síntomas e a monitorización aumentará o número de pacientes candidatos a reperfusión coronaria.

Polo tanto, o tempo constitúe un factor determinante; por este motivo a optimización das oportunidades ofrecidas ao paciente en tales circunstancias é un factor clave. Non obstante, os estudos clínicos indican que o intervalo entre o inicio dos síntomas dun IAM e a monitorización no hospital oscila entre os 120 e 156 minutos, e entre a monitorización e a administración de fibrinolíticos está nun rango entre 45 e 60 minutos. Todos estes datos distan excesivamente das recomendacións das sociedades científicas.

Na atención dos pacientes interveñen varios axentes polo que, desde un punto de vista da Administración sanitaria, un aspecto fundamental no desenvolvemento do programa é a coordinación entre o 061, os hospitais de referencia dos pacientes e os centros con salas de hemodinámica, verdadeiros axentes que interveñen neste proceso.

Para abordar este problema de saúde, o Sergas constituíu un grupo de traballo formado por facultativos dos hospitais do Sergas, o 061 e os servizos centrais, co encargo de elaborar un programa galego de atención ao infarto de miocardio que servise como protocolo de actuación ante un problema destas características, o que redundará no aumento da calidade asistencial.

Este programa ten como obxectivos xerais a diminución da mortalidade, mellorando a calidade de vida do paciente con infarto, e a promoción da equidade no acceso ás prestacións do sistema sanitario, para diminuír a variabilidade no uso de recursos e tecnoloxías diagnósticas e terapéuticas.

Para conseguir estes obxectivos revisáronse e acordáronse os diferentes protocolos clínicos existentes nos servizos hospitalarios, mellorándose os protocolos organizativos para a súa integración funcional, ao mesmo tempo que se creou unha rede específica para a atención do paciente con síndrome coronaria aguda. Como a información é clave para o coñecemento e seguimento destes pacientes, creouse unha base de datos que facilite o coñecemento, avaliación e mellora continua do proceso.

Os retos para o futuro neste campo virán dados polos seguintes cambios:

1º.- Incremento no número de procedementos de reperfusión mecánica do IAM en relación coa maior evidencia científica ao seu favor.

2º.- Mellora de dotación das actuais unidades de Cirurxía Intervencionista para posibilitar a súa eficiencia e incrementar o número de procedementos.

3º.- Adecuar os medios do 061 para desenvolver os programas necesarios para o traslado urxente dos pacientes e volta aos seus hospitais referentes.

Este documento recolle, pois, as conclusións deste grupo de traballo, é dicir, o programa en si, e servirá como medio para a súa difusión entre os profesionais do sistema sanitario.

Antolín Rodríguez Martínez
Secretario xeral do Servizo Galego de Saúde

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

No Plan de saúde de Galicia 2002-2005 identifícanse as enfermidades cardiovasculares como un dos problemas de saúde máis relevantes dos nosos días, por representar o 40% das mortes, ocasionando só a cardiopatía isquémica entre o 6 e o 7% dos anos potenciais de vida perdidos en Galicia entre os anos 1991 e 1996. Así mesmo, as enfermidades cardiovasculares constitúen o principal motivo de ingreso hospitalario (12,4%), téndose multiplicado por 2,5 na década dos 90.

A cardiopatía isquémica converteuse nun problema de saúde considerado prioritario en todo o mundo, tendo alcanzado as dimensións dunha auténtica epidemia nos países desenvolvidos. Á súa elevada incidencia e mortalidade engádese o seu carácter crónico, o que provoca un enorme impacto:

- aparición de continuos episodios,
- perda de calidade e esperanza de vida,
- falta de independencia e
- elevados custos económicos.

Estimouse así que os custos directos por cardiopatía na nosa comunidade ascenderon a 48 millóns de euros no ano 2003 e o custo total foi de 124 millóns de euros.

O infarto agudo de miocardio (IAM) equivale a necrose de parte do músculo miocárdico e en máis do 90% dos casos está producido pola oclusión dunha ou máis arterias coronarias, xeralmente debido á rotura dunha placa de ateroma e a subseguinte trombose.

A síndrome coronaria aguda (SCA) abarca todo o espectro clínico da isquemia miocárdica aguda e comprende a anxina inestable, o infarto agudo de miocardio sen elevación do segmento ST e o infarto de miocardio con elevación do segmento ST. Ata dous terzos dos falecementos por SCA suceden na primeira hora do inicio dos síntomas e adoita ser unha morte extrahospitalaria.

A estimación do número total de casos de infarto agudo de miocardio e casos mortais (a 28 días) que se produciron na poboación galega no ano 2001, de acordo coas

taxas de incidencia observadas nos estudos poboacionais dispoñibles da década dos 90, reflíctese na seguinte táboa:

	IDADE	Nº de casos IAM	Nº de defuncións
HOMES	25-74	1.945	756
	≥ 75	1.263	940
	TOTAL	3.208	1.696
MULLERES	25-74	499	228
	≥ 75	1244	945
	TOTAL	1.743	1.174

Fonte: Mº de Sanidade e Consumo e Sociedad Española de Cardiología, "Cardiopatía isquémica en España. Análisis de la situación 2001".

A estimación de casos hospitalizados de infarto agudo de miocardio (incidentes e recorrentes) na poboación galega no ano 2001, de acordo coas taxas de incidencia observadas nos estudos poboacionais referidos, é a seguinte:

	IDADE	Nº de casos IAM	Nº de defuncións (28 días)	Nº de defuncións (1 ano)
HOMES	25-74	1.513	212	272
	≥ 75	552	259	320
	TOTAL	2.065	471	592
MULLERES	25-74	384	77	92
	≥ 75	475	195	247
	TOTAL	859	272	339

Fonte: Mº de Sanidade e Consumo e Sociedad Española de Cardiología, "Cardiopatía isquémica en España. Análisis de la situación 2001".

A estimación do número de casos hospitalizados con anxina inestable (AI) (sen antecedentes de IAM) e prevalencia poboacional de anxina na poboación galega no ano 2001, de acordo coas taxas de incidencia observadas nos mesmos estudos poboacionais, é a seguinte:

	IDADE	Nº casos AI hospitalizados	Letalidade (3 meses)	Reingresos (6 meses)	Nº persoas con anxina
HOMES	25-74	1.238	37	235	
	≥ 75	451	33	95	
	TOTAL	1.689	71	330	42.579
MULLERES	25-74	314	9	63	
	≥ 75	389	29	86	
	TOTAL	702	38	148	53.408

Fonte: Mº de Sanidade e Consumo e Sociedad Española de Cardiología, "Cardiopatía isquémica en España. Análisis de la situación 2001".

Calcúlase que só o 61% de infartos reciben asistencia hospitalaria, mentres que algo máis dun terzo morren antes de chegar ao hospital. (Marrugat J. Et al. 2002). A letalidade do IAM adoita suceder no ámbito extrahospitalario, de feito case dous terzos dos falecementos por síndrome coronaria aguda suceden na primeira hora do inicio dos síntomas. O tempo constitúe un factor determinante, por este motivo a optimización das oportunidades ofrecidas ao paciente en tales circunstancias constitúe un factor clave de enorme transcendencia.

Existen argumentos sólidos de que o tratamento adecuado, aplicado precozmente, diminúe o impacto da morbimortalidade desta síndrome e mellora o prognóstico dos pacientes. Por isto, as melloras na atención do SCA deben dirixirse a asegurar o tratamento idóneo en cada caso e especialmente a reducir ao máximo o tempo entre a aparición dos síntomas clínicos de sospeita e o correcto diagnóstico e tratamento.

Non obstante, no relativo aos intervalos temporais, a realidade dista moito do ideal. Así o ilustran no noso medio os datos obtidos dos rexistros e estudos clínicos nacionais multicéntricos auspiciados polas sociedades científicas e o Ministerio de Sanidade e Consumo, nos cales o intervalo entre o inicio dos síntomas dun infarto agudo de miocardio e a monitorización no hospital oscila entre os 120 e 156 minutos. Ademais o intervalo observado entre a monitorización e a administración de fibrinolíticos foi de 60 minutos (mediana) no rexistro PRIAMHO I (995), de 60 minutos no ARIAM e de 45 minutos no IBERICA e no PRIAMHO II (2000). Todos estes datos afástanse excesivamente das recomendacións das sociedades científicas.

O tratamento de reperfusión debe instaurarse en canto sexa posible e pode realizarse mediante anxioplastia primaria ou fibrinólise endovenosa, sendo a anxioplastia primaria máis eficaz que a fibrinólise. Non obstante, a súa implantación como tratamento rutineiro a toda a poboación ten limitacións loxísticas e técnicas importantes que a dificultan, polo que na actualidade a fibrinólise é o tratamento máis aplicado na poboación xeral e, en ausencia de programas estables de anxioplastia primaria, debe iniciarse inmediatamente. O acurtar o tempo entre inicio dos síntomas e monitorización aumentará o número de pacientes candidatos a reperfusión coronaria.

Como norma xeral, os pacientes con IAM con elevación do ST (en diante IAM) diagnosticados nun hospital sen programa de ACTP, que deben dirixirse a outro centro da rede asistencial que dispoña de revascularización mediante anxioplastia, serían:

- os pacientes con contraindicación de fibrinólise,
- os pacientes en shock e
- aqueles con persistencia da dor ou sen regresión do segmento ST posfibrinólise (anxioplastia de rescate) (Van de Werf et al., 2003).

Os hospitais sen laboratorio de hemodinámica deberían dispoñer dun hospital de referencia para o traslado destes pacientes o antes posible (Califf, 2003; Topol, 2003).

O Ministerio de Sanidade e Consumo elaborou un Plan integral de cardiopatía isquémica para o período 2004-2007 no que no tratamento do infarto de miocardio (IAM) propón os seguintes obxectivos:

- *Reducir a demora entre o inicio dos síntomas e o contacto co sistema sanitario.*
- *Asistencia in situ con capacidade para desfibrilar no menor tempo posible, sendo desexable nos primeiros 8 minutos dende a chamada. Transporte rápido ao hospital con persoal médico adestrado e desfibrilador.*
- *Clasificación por gravidade do paciente nos servizos de urxencias hospitalarias, tempo de obtención do primeiro ECG de 12 derivacións no hospital e estratificación inicial de 10 minutos.*

- *Tempo de revascularización con fibrinolíticos en menos de 30 minutos (tempo porta-agulla) ou 90 minutos (tempo chamada-agulla) ou ben anxioplastia primaria en menos de 90 minutos (tempo porta-balón).(Van de Werf et al, 2003). (*)*
- *Formular a posibilidade de fibrinólise extrahospitalaria en zonas rurais, cando o traslado ao hospital sexa superior a 30 minutos e dentro das dúas horas de inicio de síntomas. Dentro do intervalo de 2-6 horas debe estimarse a ganancia de tempo de 60 minutos (Aros, 1999).*
- *Estruturar unha rede que posibilite a extensión da realización da anxioplastia primaria.*
- *Estratificación do risco antes da alta: función ventricular e proba de isquemia naqueles pacientes con anatomía coronaria descoñecida.*
- *Tratamento antitrombótico e antiisquémico inmediato intensivo e revascularización coronaria en menos de 48 horas para os pacientes con anxina inestable ou infarto sen onda Q de alto risco.*
- *Revascularización coronaria urxente para enfermos en shock cardioxénico e comorbilidade asumible.*

A análise da secuencia de acontecementos que suceden dende a aparición da dor, o contacto co sistema sanitario, diagnóstico e a aplicación do tratamento permite a identificación dos posibles puntos conflitivos, a definición dos obxectivos estratéxicos e o deseño das accións a desenvolver para a súa solución.

(*) No protocolo do programa galego de atención do infarto de miocardio con elevación do segmento ST considéranse 110 minutos de tempo porta-balón. Fonte: Jean-Pierre Bassand, Nicolas Danchin, Gerasimos Filippatos, Anselm Gitt, Christian Hamm, Sigmund Silber, Marco Tubaro, and Franz Weidinger. "Implementation of reperfusion therapy in acute myocardial infarction. A policy statement from the European Society of Cardiology". European Heart Journal (2005) 26, 2733-2741.

CONTACTO CO SISTEMA SANITARIO

O paciente con dor torácica pode entrar en contacto co sistema sanitario en tres situacións diferentes:

a) Solicitando asistencia ao sistema de emerxencia (061), fóra de centros sanitarios (domicilio ou lugares públicos).

b) Atención de urxencias en centros de atención primaria;

c) Urxencias hospitalarias.

Fóra do ámbito hospitalario é imprescindible:

a) Avaliar someramente o tipo de dor torácica e realizar un electrocardiograma de doce derivacións, na maior brevidade, en todos os pacientes con sospeita de síndrome coronaria aguda. Suxírese que as unidades do 061 dispoñan de transmisión transtelefónica fiable do electrocardiograma.

b) Poder monitorizar o paciente e facer posible a desfibrilación ata a chegada ao hospital.

Os datos dispoñibles na nosa comunidade (Memoria Fundación Pública 061) revelan que deben realizarse esforzos en concienciar a poboación e o persoal facultativo na conveniencia de medios de transporte adecuados.

FORMA DE CONTACTO



MEDIO DE TRANSPORTE



ESTÁNDARES

Os pacientes con sospeita de síndrome coronaria aguda deben ter:

1. Acceso rápido e seguro á asistencia médica do nivel necesario.
2. Emprego dos medios diagnósticos e terapéuticos baseados na evidencia científica e que sexan máis eficientes.

PUNTOS CRÍTICOS

RESPECTO DO ACCESO

1. A demora entre o inicio dos síntomas e o contacto co sistema sanitario é moi elevada. Este aspecto tan importante depende en gran medida da educación sanitaria da poboación, polo que sae do obxectivo fundamental deste documento.

   Existen outras demoras e limitacións na asistencia de enfermos con dor torácica e probable SCA no lugar de demanda, que son mellorables, relacionados con:

   - Asistencia frecuentemente realizada por persoal sanitario non adestrado suficientemente ou falta de dispoñibilidade da tecnoloxía necesaria para o diagnóstico e manexo inicial do SCA (electrocardiógrafo, interpretación de ECG, medicación, desfibrilador, manobras de RCP).
   - Dispoñibilidade de medios de transporte sanitarios adecuados (transporte medicalizado e transporte con capacidade de desfibrilación).
   - Insuficiente coordinación entre os sistemas de transporte medicalizados e os dispositivos dos hospitais receptores.

2. Existencia de barreiras organizativas, administrativas e físicas extrahospitalarias e intrahospitalarias que deben ser modificadas.

RESPECTO DO DIAGNÓSTICO E TRATAMENTO

1. Demoras entre a chegada do paciente ao hospital, o diagnóstico e o tratamento de reperfusión (farmacolóxica ou mecánica), atribuíbles á ausencia de vías específicas de atención ao SCA.
2. Insuficiente dispoñibilidade de recursos estruturais de asistencia especializada para efectuar cateterismos, anxioplastia primaria ou de rescate e/ou cirurxía cardíaca para enfermos que o requiran.
3. Insuficiente dispoñibilidade de recursos adecuados (estruturais ou humanos) nalgúns centros hospitalarios que permitan aplicar os tratamentos adecuados e/ou estratificar o prognóstico dos pacientes antes da alta hospitalaria.

4. Emprego inadecuado de tratamentos con impacto positivo demostrado na supervivencia despois dun SCA.
5. Como aspecto clave, que inclúe moitos dos anteriores, a asistencia do SCA é un proceso que debe estar centrado no paciente, o que obriga a unha coordinación de diferentes niveis asistenciais (asistencia extrahospitalaria) e servizos dentro dun mesmo hospital (asistencia hospitalaria).

ACCIÓNS

DE COMUNICACIÓN

Elaborar e poñer en marcha un plan estratéxico de comunicación ás poboacións de interese orientado a lograr un uso máis eficiente dos sistemas de emerxencias.

VÍAS DE DIAGNÓSTICO E TRATAMENTO

Establecer unha vía clínica de atención ao paciente con IAM, que se inicia mediante protocolos validados de interrogatorio telefónico para a dor torácica nos centros de coordinación médica. Hai que facelos extensivos a todos os sistemas de emerxencias e médicos de familia das áreas básicas de saúde e deben ter continuidade no ámbito hospitalario.

TRANSPORTE MEDICALIZADO

Ampliar a cobertura do transporte medicalizado (persoal sanitario e desfibrilador) para toda a poboación, tanto urbana como rural, coas menores demoras posibles.

REDES ASISTENCIAIS

Coordinación da asistencia entre os sistemas de emerxencias médicas e os hospitais receptores. Debe establecerse o procedemento de aviso coas unidades de destino final (Unidade Coronaria, Intensivos, laboratorio de Hemodinámica) para reducir a demora da transferencia intrahospitalaria.

Para realizar fibrinólise extrahospitalaria, os equipos dos servizos de emerxencias que asistan infartos agudos de miocardio en zonas rurais deberían estar formados para realizar un diagnóstico e indicación do tratamento correcto.

A anxioplastia primaria como tratamento inicial do infarto de miocardio require unha rede de hospitais terciarios con dispoñibilidade de anxioplastia continua no tempo, e outra rede de traslado de pacientes dende domicilio, centro de asistencia primaria ou hospital comarcal con persoal cualificado e con desfibrilador externo. Existirán protocolos de traslado consensuados entre os hospitais, centros de referencia e sistema de traslado para evitar demoras innecesarias.

Cada hospital debe ter asignado un hospital de referencia para o tratamento de enfermos con IAM e debe existir un circuíto de derivación ben definido, estable e fluído.

ORGANIZACIÓN DOS HOSPITAIS

Organizar os servizos de urxencias dos hospitais para que poidan atender de forma emerxente os enfermos con sospeita de síndrome coronaria aguda. Deben dispoñer de sistemas de clasificación e áreas de observación con capacidade para monitorizar os pacientes.

O protocolo asistencial do paciente con sospeita de SCA que se desenvolva en cada centro e servizo debe garantir a continuidade e fluidez entre estratos asistenciais.

Os hospitais que atenden enfermos con IAM deben estar dotados de persoal médico capacitado e infraestrutura suficiente. Para tal fin, deben dispoñer dun servizo de urxencias con capacidade de monitorización, unidade coronaria ou unidade de coidados intensivos e medios de diagnóstico suficientes.

PROTOCOLO GALEGO DE ATENCIÓN DO INFARTO AGUDO DE MIOCARDIO CON ELEVACIÓN DO SEGMENTO ST (PROGALIAM)

OBXECTIVO XERAL

Diminuír a mortalidade e morbilidade, mellorando a expectativa de calidade de vida do paciente con infarto.

Promover a equidade no acceso ás prestacións do sistema sanitario, para diminuír a variabilidade no uso de recursos e tecnoloxías diagnósticas e terapéuticas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Revisar e/ou consensuar os protocolos clínicos actuais sobre IAM nos distintos servizos, hospitais e niveis asistenciais. (Conseguir en 2 anos o 100% de cumprimento).

Mellorar e/ou elaborar os protocolos organizativos necesarios para a súa integración funcional.

Crear unha rede específica para a atención do paciente con SCA.

Crear unha base de datos que facilite o coñecemento, avaliación e mellora continua do proceso.

ANXIOPLASTIA PRIMARIA: PAPEL NO TRATAMENTO DO IAM CON ELEVACIÓN DO ST

1. INTRODUCIÓN

Despois da introdución das unidades coronarias o tratamento fibrinolítico supuxo o avance máis importante no tratamento do infarto agudo de miocardio con elevación do ST, de tal forma que no momento actual é o tratamento máis utilizado Non obstante, en diversos estudos demostrouse que ten limitacións tanto na eficacia da recanalización como na súa posibilidade de aplicación.

A fibrinólise co mellor réxime farmacolóxico consegue unha taxa de repermeabilización do 81% e de fluxo TIMI III do 54%. Considerando que o fluxo TIMI II funcionalmente é equivalente a unha oclusión completa comprenderase que segue tendo limitacións relevantes. De todos os xeitos a fibrinólise dentro das 6 primeiras horas do IAM asociada a aspirina prevén nos trinta primeiros días 72 mortes cardiovasculares por 1.000 pacientes tratados, pero a costa de 3-5 accidentes vasculares cerebrais por 100 tratados e 3 hemorraxias severas con necesidade de transfusión por 1.000 tratados. Pola contra, a permeabilidade obtida coa Anxioplastia Coronaria Transluminal Percutánea (ACTP), é do 96 ao 99% e a taxa de fluxo TIMI III é similar (93-97%). De acordo cos datos de ensaios clínicos aleatorizados, por cada 50 pacientes con IAM tratados con anxioplastia primaria en comparación con trombolise, sálvase unha vida adicional e prevéñense 2 complicacións graves (reinfarto ou ictus).

A nivel teórico a ACTP achega varias vantaxes:

1ª.- A realización da coronariografía permite unha **estratificación do risco,** podendo derivar certos pacientes con enfermidade coronaria severa cara á revascularización cirúrxica e outros cara ao tratamento médico.

2ª.- É factible en **pacientes con contraindicación** absoluta para fibrinólise e evita fibrinólise innecesaria no 5% dos pacientes nos que se produce recanalización espontánea.

3ª.- Obtense unha **maior permeabilidade** e fluxo TIMI III, **reduce a mortalidade** un 32% en comparación coa fibrinólise, ten menor incidencia de reinfarto, reoclusión e recorrencia de anxina, consegue maior supervivencia en pacientes de risco, parece existir menor dano de reperfusión e rotura, menor risco de ACV e co mesmo ou menor custo.

4ª.- **A ventá de eficacia é máis ampla** que con fibrinólise.

Os beneficios obtidos respecto do tratamento fibrinolítico tamén son máis marcados no grupo de maior risco representado polos infartos anteriores (Fig. 1).

Polo contrario, a xeneralización da anxioplastia primaria como tratamento do IAM padece de certos inconvenientes que deben ser solucionables, como son a necesidade dun **equipo médico altamente cualificado durante as 24 horas do día os 365 días do ano,** unha dotación **tecnolóxica custosa** e que non comporte **demoras loxísticas** importantes.

Dende o punto de vista práctico, no mundo real, aínda que potencialmente se poderían beneficiar da trombolise a maioría dos pacientes con IAM (menos un 8-20% excluídos por contraindicación), só o 50% son tratados e destes só o 50-60% conseguen fluxo TIMI III, o 10% sufrirán reoclusión precoz, o 1% ACV e un 20-30% sufrirán oclusión tardía; polo contrario a ACTP ofrécese a menos pacientes con IAM, aínda que probablemente se puidese ofrecer a moitos máis, máis do 90% alcanzan un fluxo TIMI III, menos do 5% teñen reoclusión e menos do 0,1% ACV.

Vidas salvadas por 1.000 pacientes tratados.
Datos de Metaanálise de ACTP GUSTO IIB, GUSTO I, ISIS II.



En relación coa controversia ACTP- trombólise, debemos considerar outros aspectos importantes:

- A demora na aplicación da fibrinólise é como mínimo 30-60 minutos menor ca o necesario para iniciar a ACTP, se ben é certo que con esta conséguese repermeabilizar a arteria con TIMI III de forma case inmediata, mentres que a fibrinólise consegue o mesmo fluxo en só o 62% aos 60 minutos, polo que a ganancia neta de tempo non debe ser maior que con ACTP.
- Na fibrinólise realizada por riba das 3 h diminúe a taxa de reperfusión e aumenta a mortalidade. Coa ACTP a mortalidade permanece baixa cando se realiza dentro das 12 horas do comezo dos síntomas (menos do 5% para ACTP e máis do 12% con lise) co cal a ventá teórica de eficacia é claramente máis ampla que con fibrinólise.
- Ao comparar a ACTP coa fibrinólise sálvanse 21 vidas máis por mil pacientes e evítanse 13 ACV nos primeiros 30 días. Na análise a longo prazo este beneficio mantense salvando 20 vidas por mil aos 6 meses, 33 a dous anos e 100 a 5 anos, tamén se preveñen 200 novas revascularizacións a 2 anos e 300 a 5 anos.

Así pois, todos os datos dispoñibles favorecen a ACTP. Non obstante, como xa se dixo previamente, a súa principal limitación é a aplicabilidade pola imposibilidade de dispoñer da técnica en todos os hospitais debido ao custoso en equipos, infraestrutura e persoal con suficiente pericia para a realización coas máximas garantías, pois, como se viu en varios estudos, cómpre un volume mínimo de procedementos ano e un equipo suficientemente dimensionado para cubrir a asistencia durante 24 h 365 días ao ano.

Baseándose nestes datos que parecen favorecer a ACTP primaria, cada vez é utilizada con maior frecuencia nos centros que dispoñen dela, aceptándose xeralmente as seguintes indicacións:

1. Shock cardioxénico ou clases Killip III-IV en menores de 75 anos pola gran cantidade de miocardio en risco e polos pobres resultados obtidos coa fibrinólise.
2. Contraindicación para a fibrinólise, na cal sería a única opción de tratamento.
3. Fracaso da fibrinólise (ACTP de rescate).

4. Indicación de tempo e lugar adecuados, é dicir, naquelas situacións nas que o paciente con IAM podería ser sometido a reperfusión mecánica nun tempo menor de 90 minutos dende o contacto co sistema sanitario ata o inflado do balón.
5. Situacións nas que o ECG non é diagnóstico, como por exemplo en presenza de BCRI.

Polo tanto, dado que o obxectivo do tratamento no IAM con elevación do ST é a diminución do tempo ata a aplicación do tratamento de reperfusión requírese unha **organización excelente** de todos os recursos sanitarios, tanto intra como extrahospitalarios, para asegurar a minimización das demoras inherentes á cadea burocrática do sistema.

Así pois os retos para o futuro neste campo virán dados polos seguintes cambios:

- Incremento no número de procedementos de reperfusión mecánica do IAM en relación coa cada vez maior evidencia científica no seu favor, sobre todo nos pacientes de máis risco como o shock, IAM anterior ou inferior extensos ou con compromiso hemodinámico, anciáns, Bypass, contraindicación para fibrinólise ou pacientes que acuden tardiamente ao hospital.
- Melloría das dotacións das actuais unidades de cardioloxía intervencionista para posibilitar a súa eficiencia e incrementar significativamente o número de procedementos.
- Adecuar os medios do 061 para desenvolver os programas necesarios para o desprazamento urxente destes pacientes e a devolución aos seus hospitais referentes, co fin de utilizar máis racionalmente os recursos e non desvinculalos do tratamento da síndrome coronaria aguda en xeral e do IAM con elevación do ST en particular.

Todo isto redundaría nunha mellor atención a estes pacientes en termos de eficacia, eficiencia e equidade e, probablemente, sen incremento significativo do gasto e mesmo aforro de custos tal e como se desprende dos datos achegados a continuación:

- No noso medio, practícase coronariografía antes da alta a case o 50% dos pacientes que sufriron un infarto (RIGA 2001).

- Ademais das vidas salvadas, evítanse uns 200 novos procedementos de revascularización aos dous anos e 300 aos 5 anos (por cada 1.000 pacientes tratados.
- Pódense realizar estadías máis curtas que as actuais (5 días e mesmo 3 en casos seleccionados).
- Diminución marcada de probas adicionais de estratificación do risco.

Precísase polo tanto unha avaliación coidadosa polos xestores sanitarios que consideren estes aspectos, dado que os recursos sanitarios son limitados e trátase dunha patoloxía moi prevalente que se incrementará no futuro ao aumentar a idade da poboación.

Existen varias abordaxes de tratamento con ACTP no IAM: denomínase ACTP **primaria** aquela na que se utiliza como estratexia inicial de tratamento, ACTP de **rescate** á que se efectúa cando fracasou a fibrinólise previa e **inmediata (facilitada)** á realizada despois da fibrinólise, esta última estratexia non conseguira demostrar ningún efecto beneficioso na fase pre-stent pero actualmente está volvendo a ser considerada a súa utilidade, con base nos resultados favorables obtidos recentemente (Estudos GRACIA I e GRACIA II nos que participaron varios hospitais da comunidade galega)

2. SITUACIÓN EN GALICIA

Galicia dispón tanto dunha rede de hospitais terciarios con dispoñibilidade de ACTP primaria as 24 horas do día os 365 días do ano, como dunha rede de traslado de pacientes con persoal cualificado e coa tecnoloxía necesaria para o desprazamento dos pacientes (Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061). Cos medios actuais realízanse 166 ACTP primarias / millón de habitantes.

Posiblemente o IAM é o paradigma da urxencia no sentido de que "tempo é igual a miocardio", polo cal é transcendental o acurtamento no tempo de identificación, traslado e aplicación da terapéutica de reperfusión máis adecuada. Identificamos multitude de demoras loxísticas inter e intrahospitalarias, relacionadas coa coordinación e circulación dos pacientes cuxa suma significa prolongacións inaceptables, e que exixen o deseño de circuítos específicos e posiblemente redefinición dalgunhas políticas sanitarias e hábitos médicos co fin de desburocratizar este proceso de atención.

Tendo en conta que os recursos son limitados será necesario optimizar e mellorar os recursos actuais. Disponse de experiencias suficientemente contrastadas, tanto internacionais (DANAMI II, PRAGUE-2, Air PAMI…), como españolas (APRIMUR). Galicia presenta, como característica negativa, un gran espallamento da poboación, que para efectos de atención sanitaria distribúese en 11 áreas (ver táboa).

POBOACIÓN PROTEXIDA POLO SERGAS POR ÁREAS DE SAÚDE. ANO 2003

Grupos de idade e sexo	0 - 14	15 - 64	≥ 65	Fértil	Mulleres>14	Total
ÁREA SANIT. DE FERROL	18.962	129.699	44.704	41.871	91.707	193.365
ÁREA SANIT. A CORUÑA	55.856	353.404	102.551	118.670	239.924	511.811
ÁREA SANIT. SANTIAGO	53.474	302.611	95.552	101.697	209.071	451.637
ÁREA SANIT. LUGO	21.549	136.058	62.208	44.013	102.473	219.815
ÁREA SANIT. COSTA	7.031	45.735	17.726	14.720	32.880	70.492
ÁREA SANIT. MONFORTE	4.273	28.214	18.234	8.771	24.333	50.721
ÁREA SANIT. OURENSE	28.102	178.084	83.866	56.438	138.363	290.052
ÁREA SANIT. VALDEORRAS	4.079	22.965	10.841	7.297	17.049	37.885
ÁREA SANIT. VIGO	69.604	380.535	92.495	130.369	247.570	542.634
ÁREA SANIT. PONTEVEDRA	27.027	142.943	38.775	49.155	95.421	208.745
ÁREA SANIT. SALNÉS	9.886	48.394	12.311	16.754	31.622	70.591
TOTAL GALICIA	299.843	1.768.642	579.263	589.755	1.230.413	2.647.748

Non obstante contamos coa experiencia previa dos programas de ACTP primaria das tres áreas de Galicia e 061, as cales demostraron que se pode trasladar os pacientes con IAM dende os hospitais comarcais e de 2º nivel aos centros terciarios, con absoluta seguridade e mantendo os beneficios da ACTP (Ver táboa).

Distancia a sala de Hemodinámica	< 30 m´ nº/(%)	< 60 m´ nº/(%)	< 90 m´ nº/(%)	< 120 m´ nº/(%)
FERROL	138.371 (71,56)	162.167 (83,87)	193.365 **(100)**	
CORUÑA	418.152 (81,70)	473.499 (92,51)	511.811 **(100)**	
SANTIAGO	228.941 (50,69)	446.689 (98,90)	451.637 **(100)**	
LUGO	0 (0)	100.621 (45,78)	154.096 (70,10)	211.311 (96,13)
COSTA	0 (0)	0 (0)	33,097 (46,95)	70.492 **(100)**
MONFORTE	0 (0)	0 (0)	42.311 (83,42)	49.391 (97,4)
OURENSE	0 (0)	133.110 (45,89)	241.657 (83,32)	290.052 **(100)**
VALDEORRAS	0 (0)	0 (0)	0 (0)	26.689 (70,45)
VIGO	498.495 (91,87)	542.634 **(100)**		
PONTEVEDRA	109.913 (52.65)	193.455 (92,68)	208.745 **(100)**	
SALNES	0 (0)	65.812 (93,23)	70.591 **(100)**	
TOTAL	1.393.872 **52,74 %**	2.177.987 **79,99 %**	2.449.944 **92,53 %**	2.626.718 **99,21 %**

A extensión da ACTP primaria no IAM a toda a poboación na comunidade galega require da actuación dos diferentes interlocutores reunidos, actuando cada un deles nun papel diferente para garantir o acceso a este tratamento en condicións de equidade e eficiencia.

Dada a cantidade de desprazamentos de pacientes que se producirá é necesario igualmente asegurar o retorno deles coa máxima precocidade posible, coa finalidade de que os hospitais de referencia non se desvinculen do manexo destes pacientes e, polo tanto, se utilicen de forma máis eficiente os seus recursos, e para minimizar o desarraigamento e incomodidade que para o paciente e a súa familia supón o seu desprazamento.

Dende o punto de vista funcional trataríase de achegar a dispoñibilidade das salas de intervencionismo á poboación e aos médicos do sistema responsables da

atención destas síndromes, de forma que, conceptualmente, poderíase considerar que o "corredor ata a sala de hemodinámica é máis ou menos longo pero coa mesma dispoñibilidad para todos".

Neste documento preséntase un protocolo consensuado que unifica e amplía os xa existentes actualmente e que deberá ser adaptado ás particularidades de cada zona específica.

3. DEFINICIÓNS

3.0. CENTRO COORDINADOR.

A coordinación de todo o proceso realizaraa a Central de Coordinación da Fundación Pública –Urxencias Sanitarias 061.

3.1. SERVIZO PRIMARIO

Situación producida no ámbito extrahospitalario, que xera unha demanda de atención sanitaria urxente in situ.

3.2. SERVIZO SECUNDARIO

Situación producida no ámbito hospitalario que xera unha demanda de atención sanitaria urxente e traslado a un centro sanitario de nivel superior.

4. ACTIVACIÓN DO PROTOCOLO

Unha vez realizado o diagnóstico de IAM mediante ECG de 12 derivacións o protocolo activarase nas seguintes situacións.

- Alerta dun caso susceptible de ACTP primaria procedente do ámbito extrahospitalario: atención primaria, tras a transmisión de ECG transtelefónico á Central de Coordinación 061, ou pacientes valorados polas unidades de soporte vital avanzado de urxencias sanitarias 061.
- Alerta dun caso susceptible de ACTP primaria ou anxioplastia de rescate procedente do ámbito hospitalario: servizo de UCI, Unidade Coronaria ou servizo médico responsable.

5. INDICACIÓNS

Selección de pacientes candidatos: ndividualizar sempre en función de idade, patoloxías concomitantes e calidade basal de vida.

a. ACTP primaria:

a.1. IAM segundo os criterios clínicos e electrocardiográficos que se citan a continuación:

1. Criterios clínicos:

I. Contraindicación para fibrinólise.

II. IAM de ata **12** horas de duración como norma xeral. Teranse en conta as seguintes consideracións:

- Cando o paciente se encontre nas dúas primeiras horas e o tempo médico–balón superior a 110 minutos e o tempo médico-agulla sexa menor de 30 minutos realizarase fibrinólise inmediata.
- Sempre que o tempo de evolución dende o inicio dos síntomas sexa superior a tres horas será preferible a revascularización percutánea.
- Se >12 horas queda a discreción do médico que o valora inicialmente en función da clínica e persistencia de alteracións electrocardiográficas.

2. Criterios electrocardiográficos:

I. Elevación do ST ≥ 2mm en dúas derivacións precordiais contiguas.

II. Elevación de polo menos 1 mm en derivacións en cara inferior acompañado de:

- descenso de ST ≥ 2mm en V1 e V2 ou V2 e V3
- elevación de ST 1 mm en aVL e V6, ou

III. Bloqueo de rama esquerda con criterios clínicos suxestivos de IAM.

a.2. IAM en shock cardioxénico: individualizar cada caso en función de:

a. As horas de inicio do episodio < 18 horas de inicio do shock e dentro das 36 primeiras horas do inicio do IAM.

b. Idade < 75 anos.

c. Esperanza/calidade basal de vida do paciente.

b. ACTP de rescate:

Considerarase fibrinólise fallida cando tras a administración de tratamento fibrinolítico persista a dor e/ou elevación do ST ou que este non se reducise polo menos 50% tras 60-90 minutos da infusión do fármaco ou se reproducen novamente a dor e reelevación do ST nas 12 horas subseguintes. Neste caso remitirase o paciente para reperfusión mecánica.

c. Facilitación da ACTP e fármacos concomitantes:

1. ACTP facilitada con fármacos: considerarase a administración de IIb-IIIa (Abciximab), en ausencia de contraindicacións, realizarase o máis precozmente en todos os pacientes trasladados para reperfusión mecánica.

2. ACTP diferida: valorarase a realización dunha estratexia invasiva precoz, tamén chamada "Anxioplastia do día seguinte" ou "Estratexia GRACIA". Desenvolverase de acordo cos protocolos vixentes en cada unha das áreas asistenciais.

Xestionarase o traslado á unidade de hemodinámica de referencia nas seguintes 12 horas.

d. Fibrinólise extrahospitalaria:

Considerarase a administración prehospitalaria de trombólise tras valoración polo persoal médico do 061 en ausencia de contraindicacións para ela, cando o tempo para realización de ACTP sexa superior a 110 minutos e o tempo dende inicio sexa inferior a dúas horas.

6. RETORNO

O retorno do paciente, tras anxioplastia primaria ou de rescate, ao seu hospital de procedencia constitúe un elemento vital en todo o proceso de atención que se propón. Realizarase en todos os casos por persoal do 061 e no período máis curto posible en función da estabilidade do paciente e a dispoñibilidade do 061. Unicamente quedarán no centro receptor aqueles que necesiten unha ACTP nun segundo tempo, tratamento de revascularización cirúrxico urxente ou outra circunstancia que o aconselle.



7. PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE COORDINACIÓN, ASISTENCIA E TRASLADO DO PACIENTE ÁS SALAS DE HEMODINÁMICA

O procedemento aséntase sobre dous piares fundamentais: activación do sistema de alerta e traslado do paciente e activación da unidade de hemodinámica.

1. Activación e coordinación:

